



INSCRICIÓN ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2026-2027

INFORMACIÓN PAI/NAI/TITOR/A:

APELIDOS E NOME

DNI

TELÉFONO

----------------------	----------------------

ENDEREZO

CORREO ELECTRÓNICO

FAMILIA NUMEROSA (No caso de marcar SI, debe aportar documentación acreditativa)

☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN NENA/O:

APELIDOS E NOME

DATA DE NACEMENTO

CENTRO EDUCATIVO

----------------------	----------------------

OBSERVACIÓNS: (Algún problema de saúde ou peculiaridade psicolóxica)

ACTIVIDADES NAS QUE FORMALIZA A MATRÍCULA

☐ Patinaxe artística

☐ Debuxo e pintura

☐ Ximnasia rítmica

☐ Kickboxing

☐ Cerámica

☐ Volei

☐ Coreodance kids

☐ Deportes de raqueta





AUTORIZO

- ☐ Ao meu fillo/a/titorando a participar en todas as actividades que se leven a cabo no curso 2026-2027 das Escolas Deportivas Municipais.
- ☐ Ao Concello de Foz, responsable do desenvolvemento e da execución deste programa, dispoñendo do meu consentimento expreso, a utilizar fotografías fixas ou en movemento tomadas no transcurso da participación do meu fillo/a/titorando nestas actividades e facer uso delas en tarefas de información e difusión.
- ☐ Acepta e respecta o réxime ético e de comportamento das EDM Foz.

BONIFICACIÓNS:

- ☐ **SOLICITA BONIFICACIÓN POR: (Non se poderán aplicar simultaneamente máis de UNHA bonificación)**

- ☐ **Número de fillos/as matriculados por familia.**

A matrícula do segundo fillo dunha mesma familia en disciplinas ou actividades das escolas deportivas municipais levará aparellada unha bonificación do 50% da cota. Para o terceiro fillo e sucesivos, a bonificación será do 100%. É necesario presentar o libro de familia debidamente compulsado ou a folla/extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante ou do pai, nai e/ou titor dos alumnos para a execución de dita bonificación.

Para aplicar esta bonificación é imprescindible presentar con esta inscrición: libro de familia debidamente compulsado ou folla/extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante ou do pai, nai e/ou titor dos alumnos para a execución de dita bonificación.

- ☐ **Familia numerosa.**

Bonificación do 50% da cota, a favor daqueles suxeitos pasivos que formen parte dunha Familia Numerosa de Categoría Xeral e Familia Numerosa de Categoría Especial. **Para aplicar esta bonificación é imprescindible presentar con esta inscrición:**

- Título oficial de recoñecemento da condición de familia numerosa outorgado pola Xunta de Galicia.
- É necesario presentar o libro de familia debidamente compulsado ou folla/extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante ou do pai, nai e/ou titor dos alumnos para a execución de dita bonificación.



☐ Capacidade económica.

Por criterios xenéricos de capacidade económica das unidades familiares dos suxeitos pasivos con obriga de satisfacer a taxa referente ás escolas deportivas municipais, establécense as seguintes bonificacións:

- ☐ Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos que non superen o SMI vixente en cada momento recoñécese unha bonificación do 100% do prezo público.
- ☐ Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ao SMI pero inferiores ao 200% do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dous ou máis fillos, recoñécese unha bonificación do 50% da contía.

SMI anual= 16576€

200% do SMI= 33152€

Para aplicar esta bonificación é imprescindible presentar con esta inscrición: última declaración da Renda e libro de familia, no caso de suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ao SMI pero inferiores ao 200 % do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dous ou máis fillos.

PROTECCIÓN DE DATOS:

De acordo con o establecido no RGPD e a LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais e os/as do/a menor (no seu caso) é o Concello de Foz con enderezo en Avda. Álvaro Cunqueiro, nº 24, CP 27780, en Foz (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade deportiva na que se inscribe, cobranza do servizo (no seu caso), así como efectuar a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: Sede electrónica de Foz (sedelectronica.es)

Tratamento de datos de saúde: en determinados casos, coa finalidade de prestar correctamente os servizos de coidado de menores prestado a través desta actividade, é preciso que tratemos datos relativos á saúde do/a menor (enfermidades, lesións, medicacións, trastornos de conduta e/o discapacidades) polo que, en cumprimento da normativa vixente de protección de datos, necesitamos o seu consentimento explícito e expreso para poder recoller e tratar os datos de saúde da/o menor na prestación do servizo solicitado.

No caso de que, sendo estritamente necesario para a correcta prestación do servizo solicitado, non nos autorice expresamente ao tratamento dos datos relativos á saúde do menor para a finalidade indicada, o Concello de Foz infórmalle que non poderá prestarlle os servizos de



coidado de menores que nos solicita. Por todo iso, debe marcar a casa que se axuste aos permisos que quere darnos no relativo ao tratamento dos datos de saúde do seu fillo/a.

☐ Si, dou o meu consentimento expreso para que o Concello de Foz trate os datos relativo á saúde da/o menor na prestación do servizo de “Escolas Deportivas Municipais de Foz 2026-2027”.

☐ Non dou o meu consentimento para que se traten os datos relativos á saúde do/a menor no Concello de Foz.

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida polo Concello, a través da área de Xuventude e Deportes, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer a/o menor ao seu cargo, para a súa publicación tanto na páxina web oficial do Concello, nos perfís abertos pola entidade nas redes sociais ou en publicacións que se poidan chegar a realizar en soporte papel e/ou en medios de comunicación.

Por favor marque a casa que se axuste, en cada caso, aos permisos que queira darnos.

FOTOGRAFAS/VÍDEOS

☐ Si, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, o/a menor ao meu cargo a través das canles mencionadas.

☐ Non dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer eu ou, no seu caso, a/o menor ao meu cargo.

O Concello de Foz infórmalle que, en calquera momento, vostede poderá retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida á dirección arriba indicada, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron desde que se outorgou o consentimento inicial ata que vostede no lo retire.

Data:

Día		Mes		Ano	
------------	--	------------	--	------------	--

Asinado:

Presentación de instancias: no rexistro xeral do Concello (Avd. Álvaro Cunqueiro, 24) ou a través da Sede electrónica: concellodefoz.sedelectronica.es